

Nome da comunicación	O SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS E A PROMOCION DO PATRIMONIO CULTURAL DA COSTA DA MORTE
-----------------------------	--



Entidade SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS PARA A PROMOCION DO PATRIMONIO CULTURAL DA COSTA DA MORTE

Asociación Cultural de ámbito provincial que ten entra os seu fins a difusión, promoción, dinamización da cultura galega con especial énfase no estudo da art, antropoloxía, historia, economía, lingua, literatura, socioloxía e xeografía das comarcas coruñesas da Costa da Morte.

www.semecom.org

Responsables da comunicación	X. M ^a lema Suárez e Manuel Vilar Álvarez
-------------------------------------	--

O SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS E A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DA COSTA DA MORTE

X. M^a Lema Suárez e Manuel Vilar Álvarez

lemasuarez@edu.xunta.es

mvilalar@telefonica.net

Seminario de Estudos Comarcais

O SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS

Para empezar debemos decir brevemente que é o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural de Costa da Morte e cales son os seus propósitos e obxectivos.

Despois dun proceso previo de asembleas, abertas á xente vinculada ao mundo cultural e creativo, durante o outono de 2004, constituíuse en Vimianzo o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte cos obxectivos de difundir, promocionar e dinamizar a cultura con especial énfase no estudo da arte, antropoloxía, historia, economía, etnografía, lingua, literatura, socioloxía e xeografía das comarcas coruñesas da Costa da Morte, como reza no artigo segundo dos seus estatutos. Para cumprir tales obxectivos o Seminario leva a cabo, entre outros, traballos de investigación sobre a cultura propia da comarca e a edición e difusión dos mesmos.

Neste sentido durante os seus cinco anos de vida o SEMESCOM levou a cabo unha serie de actividades ligadas ao recoñecemento do patrimonio cultural do territorio que conforma a Costa da Morte que poderíamos subliñar do seguinte xeito:

a) Investigación sobre o patrimonio cultural da Costa da Morte: congreso sobre o megalitismo, libro sobre os Batáns do Mosquetín, libro sobre os hórreos.

Fig. 1



b) Difusión do patrimonio cultural da Costa da Morte: excursións para coñecer os megalitos ou o románico da ría de Camariñas; documentais sobre as antas, os penedos de Pasarela, os faros ou a iconografía xacobeá; calendarios de mesa sobre os penedos de Pasarela, os hórreos, os cruceiros; charlas nos centros de ensino; xornadas en Laxe (21 de abril de 2007) sobre a figura do crego liberal e defensor da constitución de 1812, José A. Posse, etc.

Fig. 2



c) Coñecemento doutras experiencias: conferencias sobre o turismo en lugares como Terra Nova ou Terra do Fogo a cargo de profesoras universitarias destes territorios; excursións para coñecer o megalitismo e como se xestiona na Bretaña francesa ou no sur de Portugal.

Fig. 3



Fig. 4



d) Sensibilización sobre o patrimonio en perigo: artigos na prensa de membros do SEMESCOM sobre os Penedos de Pasarela ou aparición noutros medios.

e) Dinamización da vida cultural: actos de presentación de libros, conferencias.

Fig. 5



A xente que estamos no Seminario entendemos que o patrimonio cultural é unha importante herdanza que temos e, como tal, temos que coñecela, coidala e gozar dela. Entendemos que cando recibimos unha herdanza non é para empeorar a nosa calidade de vida, senón para aumentala. O patrimonio cultural ten que servirnos para mellorar a calidade de vida como seres sociais e ter un futuro mellor, máis digno e democrático. Non compartimos, pois, a idea de que o patrimonio cultural sexa unha rémora para o progreso e o futuro, máis ben todo o contrario, entendemos que sen patrimonio cultural non hai posibilidade de futuro. En todo caso pensamos que os planos de desenvolvemento futuros deben buscar un equilibrio entre os intereses marcados pola dinámica da economía e o respecto polo patrimonio cultural e a súa diversidade, coa convicción de que este é un potencial para o desenvolvemento, un recurso cultural para contribuír ao desenvolvemento social e económico do territorio no que está asentado, dentro dun ámbito de explotación racional e valorización dos recursos endóxenos como o máis valioso patrimonio a conservar e potenciar.

Pretendemos co noso traballo aportar o noso gran de area para contribuír a sensibilizar a poboación e as forzas sociais e económicas da importancia de preservar e potenciar o patrimonio cultural en xeral, facerlles ver que se pode xerar desenvolvemento e calidade de vida en base á valorización do patrimonio cultural, igualmente calidade para os que nos visitan. Como tamén somos conscientes dos perigos da chamada “cultura para o turismo”, algo que mingua a orixinalidade e creatividade do produto turístico, polo que somos partidarios de que o patrimonio ten que ser primeiro asumido positivamente polos habitantes do propio territorio, asumilo como algo que pertence á sociedade e debemos estar vixiantes para a súa preservación e transmisión aos que veñan detrás; pero sen deixar de lado esa dimensión produtiva. Moitas expectativas están postas no turismo como actividade salvadora, pero isto non funciona sempre así, polo que as expectativas desaparecen ou son decepcionante. O aproveitamento produtivo tamén pode ser considerado como unha forma de acceso e goce dos bens culturais ao que todo cidadán ten dereito nun estado democrático.

Igualmente partimos do convencemento de que o Patrimonio Cultural acrecéntase e deféndese mellor canto máis o estimen as persoas que conviven con el, por iso nun estado democrático estes bens deben estar adecuadamente postos ao servizo da colectividade no convencemento de que co seu goce se facilita o acceso á cultura e que esta é o camiño seguro cara a liberdade dos pobos, como di a Lei do Patrimonio Histórico Español (Lei 16/1985).

PATRIMONIO NATURAL

Como esta comunicación foi aceptada dentro do apartado de Iniciativas de desenvolvemento relacionadas cos recursos naturais, imos centrarnos agora nas actividades realizadas e que poden entrar neste campo. Pero antes queremos facer un pequeno excursu.

Non é este o lugar para afondar no tema, pero a idea de patrimonio xa hai tempo que superou o concepto de monumento, dándolle un valor igual ao

espazo no que se levantan os bens culturais. Isto ten varios significados: un é a ampliación do concepto de patrimonio máis alá do físico ou singular, outro, a conexión co territorio e coa sociedade actual. Entón podemos dicir que o espazo é unha realidade construída pola acción do ser humano ao longo do tempo ata facelo territorio. A paisaxe natural é paisaxe histórica, é suma de diversos elementos, nunca só paisaxe natural.

A paisaxe é un patrimonio visual que nos identifica; tamén fala da distintividade do local, polo que ten un valor engadido nun mundo global que busca esa cor diferente, esa particularidade. É curioso que algo que nos distingue e que nos singulariza non se lle preste a máis mínima atención por parte das administracións.

A valoración deste patrimonio é resultado dun discurso interpretativo que, como todo discurso, non está exento de intencións. Nunca fixo falta explicar a paisaxe porque o ser humano convivía con ela. Pero hoxe, quizais, teñamos que explicar o valor irreproducíbel das nosas paisaxes culturais como se nos explica o valor dun cadro ou dun edificio histórico para que volvan, de novo, a ser valoradas.

A valoración deste patrimonio natural pode ser en casos negativa, porque está asociada polos que conviven con el a un tempo de traballo duro e miserias, de atraso. É aquí neste contraste co moderno no que temos que incidir. Emanadas da Política Agraria Común hai unha revitalización do Patrimonio como recurso económico endógeno e do paisaxístico como un dos piares fundamentais do denominado desenvolvemento endógeno destinado a soste a economía do rural máis precario, grazas á posible creación de postos de traballo non agrarios.

Do traballo realizado polo SEMESCOM queremos citar aquí dous exemplos:

a) O megalitismo. Non imos falar aquí de arqueoloxía nin de cronoloxías, tan só dicir que os megalitos destacan na nosa paisaxe e márcana. Moitos serviron de límites a territorios das antigas xurisdicións ou de parroquias. Polo tanto estes marcadores teñen tamén un carácter simbólico e axudaron á apropiación do territorio, a súa humanización. Ademais está o seu valor arqueolóxico, o simbólico (só lembrar os poemas de E. Pondal ao dolmen de Dombate ou de López Abente), pero tamén o seu interese como potencial recurso dado que no noso territorio se agrupan unha ducia de antas de gran tamaño, facendo da nosa comarca unha zona única. Pensamos que se pode tirar proveito desa unicidade.

Así, o Seminario involucrouse nunha tarefa de reivindicar e potenciar este patrimonio arqueolóxico. Para empezar trouxemos a Vimianzo ao profesor Antón Rodríguez Casal, experto en megalitismo e que escavou a anta de Parxubeira, para presentar o proxecto “Conservación e Revalorización Sociocultural do Patrimonio Megalítico da Costa da Morte (Universidade de Santiago). Análise dos resultados das investigacións (2001-2004)”.

Pero o acontecemento mais importante foi a organización do "I Simposio Internacional *O patrimonio megalítico da Costa da Morte no seu contexto atlántico*", que tivo lugar os días 7, 8 e 9 de xullo de 2006 en Carballo. Os obxectivos eran pór ao día o coñecemento sobre esta etapa histórica, ver as experiencias doutros lados e difundir este patrimonio. Xuntáronse especialistas de Galicia, do estado español e de Francia. No horizonte estaba o tan traído e levado Parque do Megalitismo da Costa da Morte.

Ademais organizouse unha excursión para visitar as diversas antas do noso territorio, unha excursión que sobrepasou as nosas expectativas, xa que tivemos que alugar tres autobuses.

Nesta campaña a prol das antas tamén se publicou un libro guía e un DVD titulado *Ruta das antas da Costa da Morte. Os principais monumentos megalíticos*, ambos da autoría de X.Mª Lema Suárez.

Fig. 6



b) Os Penedos de Pasarela. Quizais foi a actividade máis satisfactoria, aínda que agora medra a insatisfacción. Este espazo natural forma parte da xeografía simbólica dos galegos grazas aos versos de Eduardo Pondal. No horizonte estaba a instalación dunha canteira nos Penedos de Pasarela e Traba, realmente a canteira xa estaba funcionando baixo o pretexto de facer sondaxes.

A gran pregunta filosófica era que as pedras non se comen. Nós pensamos que a canteira era pan para hoxe e destrución para o mañá e, ao final, así tamén semella que o entenderon os veciños. Varios membros de Seminario saímos á prensa con artigos sobre este tema. Fíxose despois (11 de xuño de 2006) unha marcha reivindicativa baixo o lema Salvemos os Penedos, na que colaborou o Instituto de Estudos Bergantiñáns. Con este motivo editáronse camisetas e 12 postais con frases de escritores, como Manolo Rivas, relativas aos penedos. Igualmente realizouse un documental e na súa presentación na localidade de Pasarela o local da vella escola, levantada cos cartos dos emigrantes riopratenses, quedou pequeno para acoller aos veciños e demais asistentes.

O resultado satisfactorio foi que a Xunta declarou, o 11 de decembro de 2008 (DOG do 12 de xaneiro de 2009. Decreto 294/2008), os Penedos de Pasarela e Traba espazo protexido. A insatisfacción é que o tempo pasa e as

administracións non fan nada para levar a diante este proxecto que, pensamos, si daría de comer, non se está a cumprir nada do que se salientaba no Decreto.

Fig. 7



Fig. 8



c) Outros. Ademais destes dous temas salientados hai outros aos que, brevemente, queremos facer referencia.

Os faros están situados en lugares privilexiados e de gran valor paisaxístico, paisaxes que nos identifican e que deberíamos mimar e non deixar destruír. Para chamar a atención sobre este patrimonio do noso litoral (os ingleses teñen a expresión de seascape) editamos un documental titulado *Faros da Costa da Morte*.

Outro foco do noso interese foi o conxunto etnográfico dos Batáns do Mosquetín, recollendo así unha vella teima do asociacionismo soneirán. Os batáns están ao pé do río Grande ou da Ponte, nunha paraxe que invita ao solaz. Desde o Seminario pulamos pola súa apertura ao público e por fomentar o coñecemento deste singular ben cultural e mostra dunha produción preindustrial. Neste sentido volvemos a publicar un libro *O conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín, na Terra de Soneira*, da autoría de Xosé

M^a Lema Suárez e Roberto Mouzo Lavandeira, e un DVD *Os batáns do Mosquetín, un conxunto etnográfico singular*.

Seguiremos traballando na concienciación do noso patrimonio cultural.

PÉS DE FOTOS

Fig. 1. -I Simposio Internacional *O patrimonio megalítico da Costa da Morte no seu contexto atlántico* (Carballo 7,8 e 9 xullo 2006). Foto: XMLS.

Fig. 2. Os asistentes á excursión guiada pola *Ruta do románico da ría de Camariñas* en Moraime. Foto: XMLS.

Fig. 3. Un momento da conferencia da antropóloga Sharon Roseman en Vimianzo.

Fig. 4. Excursion do SEMESCOM á Bretaña francesa. Foto: XMLS.

Fig. 5. Conferencia de Jorge Mira en Baio.

Fig. 6. Visitando a Arca da Piosa. Foto: XMLS.

Fig. 7. Marcha pola Salvación dos Penedos de Pasarela e Traba. Foto: XMLS.

Fig. 8. Marcha pola Salvación dos Penedos de Pasarela e Traba. Foto: XMLS.